

## NOTAS AO PROGRAMA



### KALLAICOS J. FERNÁNDEZ GUZMÁN

Merza, Vila de Cruces (1980)

Hai máis de 2000 anos, uns poboadores denominados *Kallaicos*, situados no noroeste peninsular resistía ó aseo romano.

"Setenta mil *Kallaicos* acudiron en axuda dos *Lusitanos*. A batalla foi cruel e difícil, e a pesar de que os *Kallaico* tomaron as lexións por sorpresa, finalmente cincuenta mil foron aniquilados e cerca de seis mil escravizados".

Descritos como poboadores misteriosos que vivían nas montañas, moitos eran os misterios que gardaban estas tribus, pois sobre os seus fogares poñíase o sol todas as tardes.

Tras a conquista de *Lusitania* polos romanos, só quedaba someter ós pobos do norte. Unha conquista que causaría moitas baixas e moita paciencia nas tropas romanas, pois moitos foron os líderes militares de Roma que combateron no noroeste peninsular: Décimo Xulio Bruto, no ano 138 a.C., Publio Craso intentao (96-94 a.C.), Perpenna (74 a.C.), Quinto Sertorio, Xulio César (61 a.C.), César Augusto entre os anos 39 ó 24 a. C .

As batallas foron tan duras que un dos máis grandes militares de Roma - César Augusto - desprázase ó campo de Batalla para dirixir ás operacións militares. Foi no ano 26 a. C. cando César Augusto se ten que retirar gravemente ferido a Tarragona.

### Kallaicos

**Os Misterios das montañas:** Comeza un redobre de prato sobre timbal que representa ó vento xunto ó pau de auga que representa os regatos que baixan das montañas. Comeza o misterio das montañas onde un solo de tuba da paso ó amencer e descubrimento dos gardiáns do sol. Pois os ollos das xentes, cando o sol se poñía nas montañas que os *Kallaicos* habitaban, estes eran os encargados de gardalo. Os solos de Corno, trompa, Oboe, requinto, etc van despertando e alumeando as montañas ata que o Sol as chega ó seu esplendor. Pouco a pouco o sol perde forza ata chegar á hora da súa recollida.

**Loitas no Sur:** Tras anos de resistencia, *Lusitania* está sendo asoballada polos romanos. É entón cando as tribus do norte do Douro (*Kallaicos*, *Bracarenses*, *Lucenses*) acoden na axuda dos seus veciños. A desorganización e a improvisación darán paso á guerra de guerrillas, que

pouco a pouco irán caendo.

**Canto ós Deuses:** Esta parte representa un canto ós Deuses para que acollan ós guerreiros caídos na batalla. Comeza o canto das campás e das trompas amosando o camiño cara ó Inframundo. Continúa o solo de corno que representa a viaxe das almas ata as portas do inframundo. Rematando co Canto a Voces que representa a entrada.

**Noite de Conxuro:** Antes das batallas, unha unión co máis alá para conseguir apoios de forzas sobrenaturais. O baile do Druida da paso ós cantos e bailes dos *kallaicos* co fin de obter a axuda de forzas sobrenaturais e ó mesmo tempo atemorizar ás tropas romanas. Remata o Conxuro do Druida representado polo fagot e o Clarinete Baixo

**Camiño á Batalla:** tras anos de longas batallas as tribus *Kallaicas* deciden unir as súas forzas e reunen un exército de setenta mil homes armados para acudir a combater en terras lusitanas para que os romanos non anexionen o país veciño ó seu Imperio. Comeza o Timbal marcando o paso das tropas, no que se van intercalando diferentes solos, e no que pouco a pouco se vai aumentando a intensidade.



### O BOSQUE ANIMADO A. ALVAREZ

Goján - Tomiño (1983)

(...) *Los árboles ejercitan distracciones, tan inocentes como ellos mismos, que no conocen el mal. Especialmente les gusta cantar, y cantan en coro las pocas canciones que han logrado componer. Como todas las plantas, aman intensamente el agua y a ensalzarla dedican sus mejores sinfonías, que son dos y las podéis oír en todos los bosques del mundo: una imita el ruido de la lluvia sobre el ramaje y la otra copia el rumor de un mar lejano. Alguna vez, en la penumbra de una arboleda, os habrá sorprendido el son de un aguacero que, distante al principio, va acercándose hasta pasar sobre vuestra cabeza; miráis al cielo por los intersticios del verdor, y está limpio y azul: ni una gota descende a humedecer la tierra, pero el sonido continúa y se aleja y vuelve... Si entonces observáis las ramas, veréis hojas estremecidas como la garganta de un cantor. Los árboles han iniciado su orfeón. (...)*

### Wenceslao F. Flórez, 1943, O bosque animado.

*O bosque animado* é unha obra baseada no libro homónimo de Wenceslao Fernández Flórez. É unha pequena suite para banda en tres movementos a través dos cales o compositor reflicte a esencia xeral da obra inspiradora. No primeiro movemento, *A Fraga do Cecebre*, representa-

se a vida na fraga. O que sucede cando os humanos non están. As árbores cobran vida e todo o bosque esperta. No segundo movemento, *Nocturnidade*, o compositor transmite todo o contrario: a Fraga pola noite, onde se representan figuras tan míticas como as ánimas e a Santa Compañía, o amor dun peregrino mentres fai o camiño, a emigración á cidade ou a soidade de dúas mulleres perdidas entre a natureza. O último movemento, *Volta á Fraga*, está escrito pensado como unha marcha de desfile, na que tódalas personaxes do libro regresan á Fraga de Cecebre. Para elo mezclanse diferentes temas pero sempre tendo presente o motivo melódico do primeiro movemento, no que se nos describe á Fraga.



### OS CAMIÑOS DA FIN DA TERRA A. ALCALDE

Rianxo (1992)

*Esta composición obtivo o Primeiro Premio no "IV Concurso Galego de Composición para Banda de Música". Está adicada ao mestre Juan Durán.*

Fisterra o seu nome deriva do latín finis terrae (o fin da terra), coñecido antigamente como o *ara solis* (altar do sol) polos xeógrafos grecorromanos. A modo de base programática, a intención primixenia da obra e a dunha viaxe musical. Unha viaxe musical que ten como peregrinos dúas cantigas galegas, que evolucionan xunto co paso da viaxe, entrelazándose por veces como viaxeiros encontrados no camiño, rumbo ao destino último do mesmo que por vez é o lugar máis occidental do continente... Fisterra.

A obra está baseada no rico folclore da música tradicional galega, reciclando como material temático as célebres cantigas: "*ahí ven o maio*" e "*o paxaro cando chove*"; que xunto con un tema orixinal no estilo da muiñeira conforman todo o material temático da composición. Esta se divide en dous grandes bloques.

O primeiro bloque, despois dunha breve introdución que ten como función presentar os temas expostos, se centra na súa totalidade na primeira cantiga e no tema orixinal, que serve á vez de fio condutor. Logo dunha sección microcontrapuntística, na cal se desenrolan microcannones fugados a partires da cabeza da cantiga, nos conducen a unha transición entre os dous bloques, en estilo de pandeirada, na cal se xenera pouco a pouco a cabeza da

## PROGRAMA

### O SINFONISMO GALEGO DO S. XXI

KALLAICOS  
J. Fernández Guzmán

\* O BOSQUE ANIMADO  
A. Alvarez Fernández

- 1- A fraga de Cecebre
- 2- Nocturnidade
- 3- Volta á fraga

\* OS CAMIÑOS DA FIN DA TERRA  
A. Alcalde

A PEDRA DA SERPE  
J.L. Represas

\*Interpretada por primeira vez poa BMC

Nota: polo ben de todos prézase desconecten os móbiles durante o tempo do concerto. Grazas



segunda cantiga tradicional. En determinados pasaxes valínme de recursos e ideas da obra "Polifemo e Galatea" do mestre Andrés Valero Castells.

O segundo bloque está centrado na segunda cantiga tradicional, pero recibindo unha evolución temática en espe-llo á do primeiro bloque. Como diferenza do primeiro, neste bloque está presente todo o material temático, pri-meiramente a modo de citas, sendo cara o final do mesmo onde se chegan a superpoñer todos os temas, formando unha macro melodía popular que nos leva cara a gran coda final, con eixe tonal en *Reb*.



## **A PEDRA DA SERPE**

**J.L. REPRESAS  
CARRERA**

*Xinzo - Pontearreas (1970)*

*Esta composición foi finalista no "II Concurso Galego de Composición para Banda de Música" e foi dicada a banda de música da Unión cultural de Campolameiro*

*A Pedra da Serpe desenvólvese nun único movemento, pretende reflectir a grandiosidade e a importancia dos petroglifos que se atopan no concello de Campolameiro, capital da arte rupestre galega. A Pedra dá Serpe quizais sexa un dos seus petroglifos máis importantes. Atópase no Castro de Penalba, lugar idílico que se viu envolvido no lume destructor que abordelou os montes de Campolameiro en agosto de 2007. Esta obra está adica-da aos meus compañeiros da banda de música de Campolameiro, que tan orgulloso estou de dirixir.*

*Borges dixo, que para el constituía un desvario laborioso e empobrecedor o de estender indefinidamente unha idea, unha imaxe. Sen ánimo de levarlle a contraria, eu, nesta obra musical o que trato é de levar un tema duran-te os quince minutos da súa duración. O meu desexo é que non resulte empobrecedor, aínda que podó asegurarlles que foi moi laborioso. A miña preocupación é que o discurso non se perda, que o público poida repetir e recordar unha melodía, que o exceso de temas non faga per-der o interese na audición. Que a obra entreteña e emocione é a miña maior ocupación. Ese é o meu obxectivo, entreter e emocionar. Por iso eu recorro a un tema que sexa fácilmente reconocible para o auditorio. Traballo en busca da excelencia desde a sencillez formal e estructu-ral. A obra se estrutura, dentro do movemento único e continuo, nunha introdución que expón os materiais que se utilizarán nas tres partes ben diferenciadas que seguen, rápido-lento-rápido, unidos por intervencións da percusión. A obra pretende ir xerando aos poucos cada*

vez máis interese. Os recursos técnicos regúlanse e vanse desenvolvendo pausadamente. Logo da introdución, que reflecte a gran impresión que produce a contorna da pedra dá serpe, arrínca-se unha danza cun marcado carácter popular e rítmico, que recorda a popular e vistosa festa de San Antoniño do Castro de Penalba. Un pequeno alto no camiño. Cos instrumentos de percusión tratando de imaxinar o son do mar que se ve desde os montes de Campolameiro, camiñamos hacia o momento máis solista, tímbrico e pausado da obra, no que se persegue o acougo e ata a rutina. O tempo permanece invariable durante todo este discurso melancólico. Unha fuggetta na percusión introduce o terceiro momento da obra, que é repostada por todos os instrumentos de vento-metal. Todo o acougo e tranquilidade convértese agora en ímpetu, en vontade, en inquietude... Toda esa tensión desemboca nun virtuoso só de trombón, que dará paso a un final optimista e brillante co tema principal da obra.

## **TEMPORADA 2012-2013**

**PALACIO DA ÓPERA**

### **Vindeiros Concertos**

#### **Maio 2013**

Domingo 19 (Teatro Rosalía Castro) - 20.00 h.

#### **Xuña 2013 - Os xoves no Ágora**

Xoves 6 - 20.00 h. - *A Música e o Cine*

Xoves 13 - 20.00 h. - *Obras de Zarzuela*

(colabora Coral Polifónica El Eco)

Xoves 20 - 20.00 h. - *De lugares tradicionais*

(director convidado: R. Pascual Vilaplana)

Xoves 27 - 20.00 h. (director convidado: B. Skieners)

## **TEATRO ROSALÍA CASTRO**


**18 DE MAYO - 20.00 H.**

**DIRECTOR:**

**JOSÉ LUIS REPRESAS**

**CONCERTO  
EXTRAORDINARIO  
DÍA DAS LETRAS  
GALEGAS**

Se desexan ser informados das nosas actividades mediante correo electrónico, poden solicitálo en [banda@aytolacoruna.es](mailto:banda@aytolacoruna.es)



**BANDA  
MUNICIPAL DE  
MÚSICA  
DA CORUÑA**



**Ayuntamiento de A Coruña  
Concello da Coruña**